



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS Á REPOSICIÓN DE ANIMAIS: XERAL	AG535A	AUTORIZACIÓN

AUTORIZO:

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural para que, conforme o disposto no artigo 2.4 da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda, a información a que se refire o artigo 78.4.c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, de _____ de 200 .

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS
 MARÍTIMOS**

Orde do 16 de novembro de 2004 pola que se particulariza para o exercicio orzamentario 2005 o procedemento de concesión de axudas para a realización de investimentos relativos ao equipamento e servizo dos portos pesqueiros, tramitada como expediente anticipado de gasto.

A aplicación das disposicións da Orde do 21 de setembro de 2000, pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a realización de investimentos relativos ao equipamento e servizo dos portos pesqueiros (DOG nº 189, do 28 de setembro), establece no seu artigo 4 que nos exercicios sucesivos da vixencia do actual Programa Operativo IFOP 2000-2006 as axudas se outorgarán con cargo ás aplicacións orzamentarias que para esta mesma finalidade se determinen na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma do ano correspondente.

Rematado o procedemento de concesión de axudas para o exercicio 2004, ao abeiro da referida orde e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005, cómpre establecer as condicións particulares para a concesión destas axudas no vindeiro exercicio.

A Orde do 21 de setembro de 2000, establece no artigo 14 o prazo de presentación de solicitudes. Este artigo foi modificado posteriormente pola Orde do 29 de decembro de 2003 (DOG nº 253, do 31 de decembro), pola que se modifica a orde antes mencionada e se particulariza para o exercicio 2004.

O artigo 1, 1.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro), establece que os expedientes de gasto relativos a subvencións se poderán iniciar sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, mesmo cando a súa execución se realice nunha ou en varias anualidades; no primeiro caso, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto dos orzamentos xerais da comunidade autónoma aprobado polo Consello da Xunta de Galicia que corresponda ao exercicio orzamentario en que se vaia materializar a contraprestación, e no segundo, sempre que exista crédito para a primeira anualidade e que se cumpran os requisitos do artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Ademais, o artigo 3, 3.3º estende expresamente esta posibilidade de tramitación anticipada aos expedientes relativos ás bases reguladoras ou convocatorias de axudas derivadas da aplicación de regulamentos comunitarios con financiamento procedente de fondos europeos, sempre que exista regulación das axudas pola Unión Europea ou de ámbito estatal ditada en desenvolvemento ou transposición dela e existan compromisos de financiamento destinados á aplicación das correspondentes medidas.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Para o exercicio orzamentario 2005, as axudas ao abeiro da Orde do 21 de setembro de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a realización de investimentos relativos ao equipamento e servizo dos portos pesqueiros (DOG nº 189, do 28 de setembro) outorgaranse con cargo á aplicación 12.03.721V.770.02 que figura dotada no proxecto de orzamento de gastos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para 2005, na cal normalmente existirá crédito axeitado e suficiente, e ata o importe máximo de 1.478.392,56 €, reservándose para o efecto o correspondente crédito.

Para expedientes de gasto que sexan executados en varias anualidades, sempre que exista crédito para a primeira anualidade e que se cumpran os requisitos do artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, as anualidades no ano 2006 poderán sumar ata un importe máximo de 1.383.864,30 €. A aplicación orzamentaria correspondente será a 12.03.721V.770.2.

De conformidade co disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro), a concesión das correspondentes axudas queda sometida en todo caso á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005 no momento da resolución.

Artigo 2º.-Para a concesión de axudas ao abeiro da devandita Orde do 21 de setembro de 2000 con cargo ao exercicio orzamentario 2005, o prazo de presentación de solicitudes será de corenta (40) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, salvo no caso de que a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano correspondente estableza o contrario. Neste último caso quedaría fixado o prazo de presentación de solicitudes segundo o disposto nesta lei.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2004.

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2005.

O marco xeral de subvencións destinadas ás centrais sindicais que no campo laboral convoca anualmente esta Administración autonómica está regulado no Decreto 106/1994, do 21 de abril, que no seu artigo 4 establece as seguintes: as destinadas ás centrais sindicais con representación na comunidade autónoma, para o desenvolvemento das súas actividades. Desde o ano 1991 véñense apoiando mediante subvencións a creación ou o mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social, co fin de cooperar de forma efectiva co fomento, creación e funcionamento das diversas modalidades de economía social, en virtude do acordado na Mesa de Concertación Social; e desde o ano 1993, como consecuencia dos acordos Xunta de Galicia-sindicatos, aprobados pola mesa xeral o 23 de outubro de 1992, estableceuse unha liña de axuda destinada aos sindicatos máis representativos coa finalidade de subvencionarlles plans de formación de cadros e delegados sindicais e gabinetes sindicais de formación.

Conforme ao anterior anúncianse nesta orde os seguintes tipos de axudas:

Programa I. Axuda para o desenvolvemento das actividades das centrais sindicais durante o ano 2005.

Programa II. Axuda ás centrais sindicais para a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social.

Programa III. Axuda para gabinetes técnicos de formación e para plans de formación de cadros e delegados sindicais.

Concluído o proceso de eleccións sindicais previsto na disposición transitoria oitava do actual texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e en virtude do novo sistema de medición da representatividade das organizacións sindicais, para os efectos das axudas previstas nesta orde terase en conta a representatividade sindical en 31-12-2004 referida exclusivamente ao ámbito territorial de Galicia.